



# FRAGA DO BARRAGÁN

Club de Montaña O Carroucho

5 de Abril de 2014

**C**omezamos a camiñar en Pazos de Borbén, de seguido deixamos o asfalto e iniciamos a pista forestal, xa que utilizaremos o que foi unha levada de regadío coñecida como As de Maruxa. Percorremos 500 m. completamente planos, que conforman un magnífico e cómodo balcón que discorre paralelo ao río e que nos leva á Ponte de Pau, un lugar este con moito valor sentimental para as xentes do lugar, xa que neste punto se atopou ata os anos setenta unha ponte de madeira que era vital para as comunicacións dos veciños de Freaza coas outras parroquias.

Agora, a tan só 200 m. espéranos o lugar de Freaza, despois dun pequeno tramo de subida algo esixente xa avistamos as primeiras vivendas. Freaza, unha pequena aldea de casas bastante agrupadas pola que tamén pasaremos á volta.

Nesta ocasión o sendeiro discorre pola parte baixa do lugar por un camiño no que as edificacións están a ambos os dous lados. Veciños traballando en labores agrícolas, gando, un lavadoiro, canastros... Unha típica estampa do xenuíno rural galego.

Seguimos percorrendo en suave descenso que se manterá ata que cheguemos ao encoro. Uns pasos de pedra á nosa dereita serven de enlace á derivación do sendeiro dende o lugar de Pardalongas, se o seguimos a uns 300 m. podemos visitar a fermosa ferverza chamada do Pozo Machado, situada no río Pielas, e un pouco máis adiante o muíño de Piñeiro, restaurado na súa totalidade.

*Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte*

## Datos Básicos

Comezo: Pazos de Borbén

Remate: Pazos de Borbén

Distancia lineal: 17 km.

Duración aproximada: 5 horas

Dificultade: Baixa-Media

Altura máxima: 419 m

Altura mínima: 145 m

Acumul.:  $\uparrow$ 441 m /  $\downarrow$ 441 m

Logo divisamos os restos do muíño de Perico, e pasamos a presa do Triquillón e a súa levada, pola cal circulamos ata chegar ao muíño, nada máis pasar este atopamos outro muíño, o de Herdeiros e seguiremos camiñando ao carón da presa do Carrillón e a súa levada ata atopar o muíño e a ponte do mesmo nome.

Cruzamos o río pola ponte de pedra que une as parroquias de Moscoso e Traspíelas, e seguimos camiñando entre a espesura da carballeira, pola beira da presa de Barragán, que é a

máis extensa e fonda de todo o río.




Continuamos a carón do río, e descubrimos outro valioso conxunto etnográfico, os pasos e o muíño do Portacavada. Pasamos xunto á presa do Portarramil e chegamos á beira das tranquilas

augas da presa de Eiras, que lle serve de subministro á cidade de Vigo.

Afastámonos do río durante varios quilómetros, para visitar as poboacións de Moscoso e Xunqueiras. De súpeto preséntase ante nós un antigo e imponente acueduto de pedra que nos permite a entrada aos restos dun antigo poboado que se agocha entre carballos e musgo. Este lugar coñécese como A Cidade, un antigo castro.

E ata aquí podó contar, falta o mellor do percorrido, pero eso tes que velo. Unha andaina que non deixa indiferente ao camiñante. Historia, auga, pedras, moitas cores e unha infinidade de sensacións. VEN E SINTE!



**Próxima cita:**

**1-2-3-4 Maio  
Vila Nova de Foz Coa**



**O Carroucho**

[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)